

-CARACTERÍSTICAS RELEVANTES DALGÚNS DOS POEMAS DOS AUTORES DAS IRMANDADES DA FALA.

RAMÓN CABANILLAS.

1. HIMNO ACCIÓN GALLEGA

Foi publicado en Vento mareiro, en 1915.

-Tema: trátase dunha apelación, unha chamada aos labregos galegos para que participen da loita agrarista, lograda a través do emprego de exclamacións e do imperativo: *irmáns, ergámonos, fagamos*.

Apóstrofe: Irmáns.

-Dúas ideoloxías presentes: O Agrarismo e o nacionalismo das Irmandades da Fala.

-Elementos con valor simbólico ou alegórico:

- Dende Ortegal ó Miño = Galiza
 - Aldea = a Galiza traballadora
 - Vila podre = a Galiza explotadora e caciquil
 - Pazo señorial = o poder das clases sociais que viven de rendas
- A folla do fouciño, o lume da toxeira = a loita labrega

2. EN PÉ!

Dedicado a Lois Porteiro, galeguista e un dos fundadores das Irmandades da Fala.

Foi publicado no libro Da terra asoballada, en 1917.

-Tema: o suxeito lírico fai un chamamento aos galegos, aos que identifica como irmáns (apóstrofo), para que manifesten abertamente ao mundo (cantemos, berremos) o dereito que ten Galiza a ser liberada. Este dereito a ser liberada xustifícase ao longo do poema polo pasado histórico dos galegos, do que se destacan feitos relevantes e míticos da historia de Galiza: a submisión que supuxo a derrota do mariscal Pardo de Cela polos Reis Católicos, no século XV; a referencia ao reino suevo á batalla dos galaicos contra os romanos no monte Medulio. Tres acontecementos que serven para exemplificar: o asoballamento histórico dos galegos; a posibilidade dun país libre e a estirpe guerreira.

-Elementos con valor simbólico:

A fouce: a loita agraria.

A oliva: a paz

As cadeas: a situación de explotación que vive o campesiñado galego

A bandeira azul e branca: representa a nación galega.

-Momentos históricos presentes no poema como precedentes da loita galega pola liberdade.

A noite da Frouseira: fai referencia á traizón sufrida polo mariscal Pedro Pardo de Cela no século XV. Este nobre representa a resistencia fronte a raíña Isabel a Católica no sometemento do reino de Galiza.

Suevia da lexendaria historia: refírese ao primeiro reino medieval que houbo en Europa despois da caída do Imperio Romano, cando o pobo suevo se instalou neste territorio e fundou o Reino Suevo de Galiza.

O día do Medulio: evoca a resistencia dos habitantes do noroeste peninsular ante a conquista romana, cando asediados decidiron poñer fin ás súas vidas antes de caer escravos.

-Análise formal: tres estrofas de doce versos con versos heptasílabos e hendecasílabos que presentan rima asonante nos pares.

3. A BASILIO ÁLVAREZ.

Foi publicado no seu primeiro libro *No desterro*, 1913.

Forma: versos hendecasílabos que riman ABBA ABBA CDC DCD

Metáforas: Relación entre os labores agrícolas e o labor político do agrarismo:

Sementador: líder do movemento agrario.

Espigas mestas e douradas: madurez no proceso de organización e concienciación agrarista.

Comezar a sega: empezar a loita anticaciquil.

Fouces afiadas: armas galegas dispostas para a loita.

Sol de mediodía: momento en que a calor (opresión caciquil) se fai máis insoportable.

Dous grupos de adxectivos:

- Mestas, douradas, segadoras e afiadas: referidos á sega.
- Tráxico, vingadora, abafantes, estalantes, guerreiros e triunfales: referidos á guerra.

4. A ESPADA ESCALIBOR

Foi publicado na obra *Na noite estrelecida*, en 1926.

Forma: versos alexandrinos (14 sílabas), que riman AABBC... A rima é consonante.

Tamén pode darse romances de versos octosílabos con rima asonante nos pares, quedando libre os impares.

Presenza de abundante adexctivación. A súa función é salientar a beleza dos espazos naturais en que se sitúa o ambiente do poema.

5. O SONO DO REI ARTUR.

Foi publicado na obra *Na noite estrelecida*, en 1926.

Tema: reunión do Rei Artur cos cabaleiros da Táboa Redonda. Aparición e descrición de Galahaz.

Este texto forma parte doutro máis amplo onde o rei Artur comunícalles aos seus cabaleiros que a través dun soño o Señor pediulle que saíse na procura do Santo Graal. Este será atopado por aquel que sexa limpo, puro e libre de todo mal.

Mundo místico e marabilloso: misterio, diviña, eternidade, miragrosa

Símbolos da luz: crara, fúlxida, luceiro, fulgor, lampexa. A luz ten que ver con Galahaz, que representa a esperanza, o novo mundo, a liberdade, o espertar da nova Galiza.

Recursos estilísticos: hipérbato (diante o Rei axoella e lle amostra dos ollos...); metonimia (lle amostra dos ollos a esmeralda); asíndeto e enumeración (crara, fúlxida, viva, con ardor de luceiro) que dá ritmo rápido e epíteto épicos.

6. A ROSA DE CEN FOLLAS.

Foi publicada no ano **1927**. Recibe influencias da pesía intimista de Rosalía de Castro, xa que o título correspóndese cun verso de Follas Novas.

A rosa, con frecuencia considerada un símbolo universal de beleza, delicadeza e perfección, é unha imaxe que se asocia coa vida, o amor e a fragilidade da existencia. A expresión "de cen follas" intensifica esta percepción, aludindo a unha rosa exuberante, completa, perfecta. Poesía máis persoal, introspectiva e simbólica.

O peito, como símbolo do corazón e da alma, é o lugar onde medra esta flor. Pode interpretarse como:

- O xurdimento dunha emoción profunda e pura.

Estilo sinxelo pero profundamente simbólico.

NORIEGA VARELA.

1. TODA HUMILDE BELEZA.

- **Tema:** o eu lírico expresa a súa admiración polas pequenas cousas da natureza: "un xirón de brétema, "unha doíña de rocío", "unha raiola do luar" ou "a nudez dunha estrela".
- Neste poema aparece a actitude franciscanista, xa que aparece a admiración por unha natureza humilde. Poesía descritiva centrada nos pequenos detalles da natureza, sexa un verme, un toxo, a neve, que son reflexo das virtudes cristiás.

2. A BRÉTEMA.

- O **tema** principal deste poema é a admiración pola paisaxe de montaña, concretamente as cousas humildes e sinxelas da paisaxe, neste caso a brétema como xa vemos no primeiro verso (*A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña*).
- **Forma:** soneto, formado por dous cuartetos e dous tercetos de versos hendecasílabos e con rima consoante ABAB nos cuartetos e CCD e EED nos tercetos. Pertence ás composicións máis cultas do poemario.
- **Recursos estilísticos:**
 - As personificacións (primeira estrofa, a brétema é ceguiña, anda descalza, chora...), hipérbato (versos 9, 10) , comparacións(v. 6 como chorou Jesús, cal chora a aurora), paralelismo e comparación: "como un rei a quixera pra unha reina, como nunca se veu na xoiería. En definitiva, a brétema é a súa musa e con ela pode conseguir obxectos maxestosos para o ser querido.
 - O uso de diminutivos (lagrimiña, pobresiña), as parénteses, o hipérbato reflicten a emoción do poeta.

3. UNHA BREVE PUCHARQUIÑA.

- Tema:** descrición íntima e emotiva dunha pucharquiña, que se reflicte no uso do diminutivo (pucharquiña, floriñas, estreliñas) e os adxectivos epítetos (breve, enorme...)
- Os motivos:** o campo e a vida montañesa.
- Lingua:** a fala popular da súa terra.
- Forma:** versos octosílabos, riman os pares en asonante e quedan libres os impares. Está presente o franciscanismo: descrición dos elementos humildes da natureza.